



**MEMORIA 2006**

**Amigos da Terra**

## INDICE

Introducción.....	3
Quen somos.....	4
Actividades 2006 .....	7
Area de Cooperación .....	8
Area de Cambio Climático.....	12
Area de Conservación e usos da terra .....	18
Area de Residuos.....	18
Centro IRIS de medio ambiente .....	20
Centro de Educación Ambiental de AS CORCERIZAS .....	27
Colaboracións con outras entidades.....	32
Plataformas as que pertencemos.....	35
Comunicación.....	36
Amigos da Terra en Datos .....	37

## INTRODUCCIÓN

Os presaxios que os ecoloxistas anunciabamos hai anos tórnanse amables coa realidade que nos tocará vivir, ou que nalgúns casos xa as estamos a vivir agora. As prediccións son alarmantes: subidas do nivel do mar que forzarán a migración de pobos, subida das temperaturas que porán en perigo de extinción ao 30% das especies, propagación de vectores de enfermidades antes localizados en áreas restrinxidas cunhas condicións de temperatura determinada... Consecuencias económicas, sociais e ambientais que sufrirán de maneira directa os países máis empobrecidos ante un problema da apropiación de recursos naturais dos países desenvolvidos, e dun sistema socioeconómico que prima o beneficio de xeito inmediato, a produtividade a calquera prezo, en vez dun desenvolvemento paulatino a medio e longo prazo, que teña en conta aos seres humanos que o sustentan.

O cambio climático está aquí, xa ninguén dubida que será a problemática ambiental máis importante á que terá que enfrentarse o ser humano, e non deixa de resultar paradóxico que sea ao mesmo tempo o causante do mesmo nun periodo de tempo tan curto, como está a acontecer na actualidade. A solución para frealo está tamén en nós mesmas, e neste camiño foi o traballo de Amigos da Terra no ano 2006.

Creemos no asociacionismo como medio para a construción dunha nova sociedade, onde a cooperación sexa un recurso para o progreso, incidindo nos medios de comunicación para lograr a participación cidadá que axude a divulgar as problemáticas ambientais, promovendo a denuncia ambiental para o cumprimento da lexislación, fortalecendo a información e a comunicación ambiental como medio para a sensibilización e concienciación ambiental e informando en materia ambiental á cidadanía, iso si, facendo máis cercanas as solucións ás problemáticas coas que nos atopamos. A creación de redes con outras asociacións sociais e ambientais para construír un tecido asociativo galego foi tamén parte dos nosos obxetivos porque é fundamental a dinamización da cidadanía no compromiso da construción doutro mundo sustentable e así fortalecer a cooperación para o desenvolvemento tanto en Galicia como en outros países para a consecución do mesmo, implicando ás diferentes esferas da sociedade: administración, sector privado e sociedade civil, porque estamos convencidas de que a construción doutro mundo é posible, coa participación de tod@s, para que sexa un verdadeiro cambio.

Cristina Gómez  
Presidenta  
Amigos da Terra

## QUEN SOMOS

**Amigos da Terra Galiza - Xuventude** é unha organización non lucrativa que sempre destacou por plantexar unha actitude de defensa do medio ambiente, realista e construtiva, que apoia aquelas iniciativas que van xurdindo e axuda a mellorar o noso contorno desde a práctica e a acción. Amigos da Terra forma parte da rede internacional Friends of the Earth, a rede de grupos ecologistas máis extensa do mundo, presente en máis de 73 países.

Os nosos obxetivos:

- Protexer o medio ambiente, entendido no máis amplo senso.
- Defender os intereses xerais dos consumidores, baseados en criterios de sustentabilidade
- Promover alternativas baseadas no desenvolvemento sostible.
- Mellorar a calidade de vida das comunidades humanas en tódalas súas facetas.
- Promover a educación integral a todos os niveis e en todos os ámbitos, incluíndo de forma destacada a promoción de actitudes positivas e activas de cara ó medio e á igualdade entre os sexos e actitudes pacifistas.
- Promover o asociacionismo xuvenil

### A nosa misión

A nosa misión é fomentar un cambio global e local cara unha sociedade respectuosa co medio ambiente, xusta e solidaria.

### A nosa visión

Un mundo onde todos os seres vivos e pobos vivan con dignidade en harmonía coa natureza

### Os nosos principios

Amigos da Terra é unha asociación ecoloxista que ademais declárase:

**Pacifista e non violenta.** Defendemos sempre solucións non violentas aos conflitos a través do diálogo.

**Xusta e solidaria** Cremos na solidariedade e xustiza económica, social, ambiental e política. Promovemos a igualdade de acceso aos recursos e de oportunidades para todas as persoas sen distinción de sexo, raza, cultura, etnia ou crenza.

**Democrática e participativa** Cremos na democracia participativa e por elo practicamos o diálogo aberto entre todos os que compoñen a asociación.

**Transparente** Poñemos a disposición da sociedade información sobre a nosa xestión e actividades.

**Pragmática e aberta** Alertamos sobre problemas ambientais e sociais pero sobre todo intentamos ir á raíz dos problemas e buscar solucións alternativas e prácticas. Estamos abertos a escoltar aos demais e a entrar no debate para buscar solucións.

**Activista e reivindicativa** Creemos no valor da acción colectiva e individual e promovemos unha actuación cidadana directa tanto a nivel local como global.

**Educativa** Concienciamos sobre os problemas medioambientais, promovendo cambios de hábitos para reduci-lo noso impacto negativo sobre o planeta.

**Colaboradora** Creemos no valor da unión de forzas e colaboramos con persoas e organizacións coas que compartimos obxetivos.

**Independente** Non estamos vinculados a ningún partido político, grupo económico ou empresarial.

## Como nos organizamos

Xunto con outras organizacións análogas e homónimas, está integrada en Amigos de la Tierra, unha ONG clásica no estado español, que vén traballando de forma continuada máis de vinte e cinco anos. Esta organización basea o seu traballo nos distintos grupos locais, presentes en vinte e unha provincias de todo o estado.

Esta organización forma parte a súa vez de Friends of the Earth International (Amigos da Terra Internacional), organización internacional nada nos Estados Unidos, Gran Bretaña e Suecia no ano 1971 e que foi extendéndose ata o día de hoxe a 73 países dos 5 continentes. España figurou como membro no ano 1979. No ámbito europeo existe outra estrutura supranacional chamada Friend of the Earth Europe (Amigos da Terra Europa).

Aínda que pareza unha estrutura un tanto xerárquica, permite unha total independencia de acción dos grupos de cada nivel, sendo estes, órganos de coordinación e representación. Polo tanto, respétase sempre a independencia e liberdade dos grupos.

En Amigos da Terra, o máximo órgano de goberno reside na Asemblea Xeral, que se reúne, como mínimo e de xeito ordinario, unha vez ao ano. Nela examínanse os balances económico e de actividades do ano anterior, se debaten as diferentes propostas para o seguinte exercicio e se elixen os cargos da xunta directiva. Na asemblea poden participar todas as persoas asociadas con voz e con voto.

Entre asemblea e asemblea, o órgano decisorio é a xunta directiva, que se reúne unha vez ao mes. Actualmente a xunta directiva está composta por sete membros coas seguintes funcións entre os que se distribúe a representatividade da asociación aos distintos niveis.

XUNTA DIRECTIVA:

**Presidencia:** Cristina Gómez  
**Vicepresidencia:** Analía Moares  
**Secretaría:** Judith Sing  
**Tesourería:** Lhosca Arias  
**Vocal de Activismo:** Raquel Fernández  
**Vocal de Grupos Locais:** Belén Ferverza  
**Vocal de Promoción:** María Galiñanes



### **Onde Estamos**

A sé coordinadora da asociación Amigos da Terra Galiza - Xuventude está en Ourense e actualmente existen grupos comarcais en Cedeira e Pontevedra.

O noso ámbito de actuación é toda Galicia, e tamén actuamos en países como O Salvador e Nicaragua onde nestes intres estamos desenvolvendo proxectos de cooperación.

## ACTIVIDADES 2006

Traballamos nas seguintes áreas principalmente: Cambio Climático, Residuos, Conservación e Usos da Terra, Consumo Sustentable e Cooperación para o Desenvolvemento, baseándonos en dous eixes de actuación: a Concienciación e Educación Ambiental e o Activismo. Asimismo contamos como recursos ambientais o *Centro IRIS de Medio Ambiente*, un Centro Integrado de Recursos, Información e Servizos na cidade de Ourense e *As Corcerizas*, un Centro de Educación Ambiental situado no Macizo Central Ourenzá, que ofrece servizo de albergue e manutención así como diversas actividades programadas para vivir unha experiencia coherente co medio.

Os obxetivos que a asociación logrou conseguir neste 2006 foron os seguintes:

Obxetivo 1: Fortalecemento da asociación Amigos da Terra Galicia

1. Fomentar o asociacionismo como medio para a construción dunha nova sociedade, onde a cooperación sexa un recurso para o progreso.
2. Obter unha importante incidencia en medios de comunicación e unha participación que axude a divulgar as problemáticas ambientais.
3. Crear redes con outras asociacións sociais e ambientais para construír un tecido asociativo galego.

Obxetivo 2: Concienciación e Sensibilización Ambiental en Galicia

4. Promover a participación a través da denuncia ambiental
5. Fortalecer a información e comunicación ambiental como medio para a sensibilización e concienciación ambiental
6. Informar en materia ambiental á cidadanía achegándolle solucións ás problemáticas actuais.

Obxetivo 3: Cooperación para o Desenvolvemento Sustentable

7. Participar na cooperación exterior con proxectos de carácter ambiental.
8. Dinamizar á cidadanía no compromiso da construción doutro mundo sustentable e solidario

Para o cumprimento destes obxetivos a asociación levou adiante a posta en marcha dunha serie de servizos, programas, proxectos e campañas durante o ano 2006 e participou asimesmo en diferentes actividades organizadas por outros colectivos. Todo isto, ben a demostrar o activismo da asociación en cuanto a dinámica de traballo que a continuación detallamos.

## AREA DE COOPERACIÓN

### “Desenvolvemento de actividades de manexo da área natural protexida, Bahía de la Unión, Golfo de Fonseca (El Salvador)”

O proxecto “Desenvolvemento de accións de manexo na área natural Bahía de La Unión, Golfo de Fonseca” ten como finalidade “Conservación e o manexo sostible dos recursos mariños costeiros da Bahía de La Unión Golfo de Fonseca”, mediante a execución de accións prioritarias do plan de manexo, recién formulado co apoio técnico – financeiro da AECI, coherentes cos obxectivos e categoría de manexo definidas para a área protexida. O periodo de execución do mesmo é de Outubro 2005 finalizando en Outubro do 2006. O proxecto esta financiado pola Dirección xerla de Cooperación da Xunta de Galicia.



A contraparte é “Coordinación de Asociación de Comunidades para el desarrollo de Cacahuatique” (CODECA) e apoada pola administración local Centro de Desenvolvemento da Pesca (CENDEPESCA) e Ministerio de Medio Ambiente do Salvador.

Para conquistar os obxectivos plantexados executaranse 4 grandes compoñentes, e en cada un deles inclúense un conxunto de actividades específicas:

- 1) **Educación Ambiental;** transversal a todo o proxecto, e encamiñado a modificar o actual esquema de conduta dos habitantes que fan uso dos recursos mariño costeiros do Golfo, baseado nun proceso de transmisión de coñecementos, con métodos participativos, teóricos-prácticos; os temas centrais serán os contidos principais do Plan de Manexo e a recién aprobada Lei de Áreas Naturais Protexidas.
- 2) **Vixilancia e control dos recursos naturais:** Elaborarase e implementarase, na súa primeira fase, un sistema de control e vixilancia da Área Natural Protexida zona dos manglares. En primeira instancia efectuarase un primeiro achegamento da ubicación actual do perímetro da zona dos manglares, baseándonos nos rexistros actuais do catastro, coa participación das comunidades.
- 3) **Xestión Participativa dos Recursos Naturais;** promoverase a organización comunitaria local, co obxectivo de crear unha estrutura de participación no manexo da Área Protexida.
- 4) **Promoción da xestión sostible dos recursos pesqueiros,** co obxectivo de iniciar o proceso de diminución da sobre explotación dos recursos pesqueiros e a mellora das condicións produtivas do sector pesqueiro da zona (actividade económica maioritaria na zona do proxecto).

#### Resultados Acadados

1. Conformouse o Comité Asesor Local da Área protexida coa a participación de polo menos 8 representantes.
2. Capacitouse un grupo de 15 de guardarecursos, dos cales 7 son mulleres, en temas de plan de ordenamento da área de Bahía e lexilación ambiental.

3. Un 80% da poboación de 8 cantones de Bahía da Unión coñecen os linderos da zona de manglar, gracias á campaña de sinalización e rotulación da área.
4. 250 poboadores da zona de influencia da área protexida (alumnos, pescadores e funcionarios públicos) melloraron a súa conducta co respecto ao medio ambiente e os recursos naturais do Golfo.
5. 50 pescadores abandonaron o uso de aperos e técnicas destrutivas para utilizar outros de menos impacto sobre os recursos pesqueiros.
6. Financiouse ó menos 40 pescadores para a modificación de súas técnicas produtivas, dos cales un 35% son mulleres.

En xeral os resultados alcanzados son moi valiosos xa que despertou o interese non só nos habitantes da zona senón doutras áreas que ven os resultados obtidos, por outra banda os gardarecursos formados aportarán un pouco máis de control en canto a utilización dos recursos, pero máis que eso educación e orientación.

### **“Xestión local de grupos vulnerables e mellora ambiental nos municipios de Villa del Carmen e San Rafael del Sur (Nicaragua)”**

O proxecto de ámbito Nicaragua ten unha duración de Abril 06-Enero 07, e foi financiado pola Caixa Galicia e Universidad Complutense. Este proxecto céntrase en tres actividades principais que son: Fortalecemento institucional, Mellora das condicións ambientais do municipio e alternativas económicas para os grupos vulnerables (carboneros).

#### **1. Alternativas económicas de grupos altamente vulnerables.**

Un grupo altamente vulnerable son os carboneiros (organizados baixo a asociación APROCAFOR) Por iso, apoiárase este grupo para que realicen a súa actividade productiva dunha forma económica e ambientalmente sostible, de acordo coa lexislación vixente.

Se establecerán plantacións forestais enerxéticas; capacítase á Directiva da asociación sobre temas organizativos e administrativos para un correcto funcionamento. Tamén facilitaranse reunións periódicas coas autoridades locais implicadas na actividade económica (Alcaldía, INAFOR, MARENA) e realizaranse intercambios de experiencias con outros grupos de carboneiros organizados.

#### **2. Fortalecemento institucional e organizativo local.**

Neste compoñente ampliarase o acompañamento á Alcaldía de Villa El Carmen no seu esforzo por asumir con responsabilidade a problemática ambiental do Municipio. Para elo capacítanse os técnicos ambientais e a Comisión Ambiental Municipal (CAM).

Tamén realizarase unha Evaluación Ecolóxica Rápida e un estudo para a identificación de grupos vulnerables no municipio.



### 3. Mellora das condicións ambientais.

Este compoñente dará seguemento aos procesos de restauración e uso adecuado dos recursos naturais que veñen desenvolvéndose ata o momento.

Para elo continuarase o proceso de restauración de concas hidrográficas e áreas críticas e a mellora na xestión de residuos no municipio de Villa El Carmen.

Tamén realizaráronse xornadas de reforestación en áreas identificadas no Plan de Restauración Ambiental de Villa El Carmen.

O proxecto beneficiará arredor de 15.000 persoas entre eles, mestres, técnicos ambientais, alumnos, así como mulleres xefas de familias.

#### Resultados acadados:

1. Un 85% dos carboneros e o 100% da xunta directiva da asociación é consciente da necesidade de reforestar e non só por razóns económicas (para conseguir un constante suministro de materia prima), senón tamén sociais e ambientais (para conservar fontes de auga, para mellorar o clima local, para conservar fauna e flora silvestre local que estase vendo afectada pola actividade económica que eles desenvolven).

2. As actividades que se desenvolven no proxecto, contribuen a que calidade ambiental do municipio de Villa El Carmen mellore progresivamente, esto gracias á campaña de Educación, Saúde e Hixiene Ambiental e a recollida selectiva de residuos nos núcleos urbanos del municipio (Villa El Carmen e Los Cedros)

3. A campaña de reforestación enfocada na restauración de áreas degradadas prioritarias (identificadas no Plan de Restauración de Villa El Carmen) ha contribuído a evitar erosión e a protexer fontes de auga así como á creación de corredores biolóxicos locais que permitan o movemento de fauna local.

4. Con respecto á redución do impacto da actividade carbonera estanse logrando as metas previstas. A realización de reforestacións cos carboneros fixo posible que se reduza o impacto ambiental da actividade carbonera.

5. Os aspectos organizativos e de comercialización retrasáronse debido a aspectos e dinámicas organizativas propias de APROCAFOR. Aun así, unha vez executadas as capacitacións previstas se prevé un maior impacto nesta dimensión da actividade carbonera.

6. Un valor agregado do proxecto é a conformación da Microempresa de Servicios Ambientales El Renacer; está en proceso de legalización, os operarios do viveiro, compostera e promotores locais do proxecto organizaronse, e constituiráanse no referente no municipio en cuanto á produción de plantas, abono orgánico e educación ambiental. Esta iniciativa consta co apoio financeiro do Instituto de Desenvolvemento Rural de Nicaragua e o apoio técnico do proxecto. Esta é a verdadeira expresión organizativa que garantira a sostibilidade dos procesos locais de xestión ambiental.

7. Cas visitas domiciliarias concienciase e informa acerca da importancia de facer un manexo adecuado dos residuos (separándolos en orgánicos e inorgánicos) e co programa de reciclaxe de materia orgánica se da un tratamento adecuado aos residuos, para a produción de abono orgánico.

## **“Xornadas de sensibilización en materia de Cooperación”**

Proxecto iniciado no 2005 e finalizado en Xaneiro 2006. Consistiu en dar a coñecer o traballo de Amigos da Terra en cooperación con enfoque ambiental, en Galicia. Chegamos directamente a 500 persoas en 34 charlas e indirectamente a través da radio e de notas de prensa a grande parte da poboación das catro provincias.



## **“Formación Interna en materia de Cooperación”**

Se trataba dunhas xornadas internas para voluntarios e socios, coa finalidade de divulgar as accións emprendidas por Amigos da Terra en O Salvador e Nicaragua, cos obxetivos perseguidos e resultados obtidos.

## **“Campaña Internacional de Pobreza Cero”**

En el año 2000 la Asamblea General de Naciones Unidas aprobó la Declaración del Milenio en la cual los países ricos y pobres se comprometían a hacer todo lo posible para erradicar la pobreza, promover la dignidad humana y la igualdad, y alcanzar la paz, la democracia y la sostenibilidad ambiental. Para ello, y antes de 2015, se deben alcanzar ocho objetivos concretos, los Objetivos de Desarrollo del Milenio, que “comprometen a los países a luchar más firmemente contra la insuficiencia de ingresos, el hambre generalizada, la desigualdad de género, el deterioro del medio ambiente y la falta de educación, atención médica y agua potable. Estos objetivos incluyen, además, una serie de acciones que deben ser llevadas a cabo para reducir la deuda y aumentar la ayuda, el comercio y la transferencia de tecnologías a los países pobres”, según se señala en el Informe sobre Desarrollo Humano 2003, precisando que “el nuevo siglo ha empezado con una declaración de solidaridad sin precedentes y con el firme propósito de acabar con la pobreza en el mundo”.



La persistencia de la pobreza y la desigualdad en el mundo de hoy no se puede justificar. Pese a los esfuerzos realizados durante décadas, la brecha entre ricos y pobres sigue aumentando. Hoy, más de 3.000 millones de personas carecen de una vida digna a causa de la pobreza. Hambre, SIDA, analfabetismo, discriminación de mujeres y niñas, depredación de la naturaleza, desigual acceso a la tecnología, desplazamientos masivos a causa de los conflictos, migraciones provocadas por la falta de equidad en la distribución de la riqueza a nivel internacional... Son las diferentes caras de un mismo problema: la situación de injusticia que sufre la mayor parte de la población mundial.

El desarrollo sostenible en el planeta está seriamente amenazado por la quinta parte de la población que concentra el 60% del consumo global, con la consecuente sobreexplotación de los recursos naturales.

## ÁREA DE CAMBIO CLIMÁTICO

### Campaña "A Aposta fronte ao Cambio Climático"

A campaña educativa A Aposta toma como problemática ambiental o cambio climático e as alternativas para a transformación como pilar da campaña: o Consumo Responsable e a Sustentabilidade. O fenómeno do cambio climático prodúcese fundamentalmente pola actividade humana que ten como último responsable o paradigma do consumo actual. Esta actividade provoca un importante e artificial incremento de determinados gases na atmósfera que forman unha "pantalla" que dificulta que a calor (en forma de radiación infrarroja) que chega á superficie do planeta proveniente da radiación solar escape normalmente, provocando deste modo un incremento na temperatura media da Terra.



O principal grupo receptor desta campaña son os mozos e mozas dos centros educativos que desenvolven accións alternativas á problemática do cambio climático a través do consumo responsable, potenciando así un cambio de hábitos na súa vida cotiá. A campaña trata de afrontar esta problemática e a súa relación co consumo a través do concepto "actúa localmente, pensa globalmente" e sensibilizando coas ferramentas que nos proporciona. Os mozos e mozas apostantes descubren en A Aposta o seu papel responsable como axente de aforro e da demanda política de reducións de emisións, coincidindo na práctica coas autoridades do medio ambiente e a xuventude.



Neste 2006 A campaña A Aposta, conseguiu realizarse en 4 centros escolares da provincia de Ourense, reducindo así un 8.891 Kg de CO2 no periodo de febreiro a maio nos centros educativos a través de melloras e accións colectivas e individuais dos alumnos e profesores. A dificultade desta campaña resultou ser o non apoio de ningunha institución ou empresa para financiar a mesma, e poder participar coma contraparte da A Aposta.

## Campaña "Energía Nuclear? NON, Grazas"

O debate sobre a enerxía nuclear estase avivando na Unión Europea debida á relativa facilidade de obtención de esta enerxía, fronte ás eternas promesas das enerxías renovables, polas que ninguén aposta en serio e cunha política firme. Ao mesmo tempo sabemos o peligrosas que resultan as nucleares para a saúde do planeta. No contexto do Cambio Climático Global, producido pola queima de combustibles fósiles, a enerxía nuclear parece ser unha alternativa limpa. Sen embargo, é un erro de dimensións xigantescas e un legado terrorífico para os nosos fillos. A enerxía nuclear xenera un dano perdurable para moitas das xeracións futuras. É cara e non podería levarse a cabo sen os apoios financeiros dos impostos. O emprego de todo o uranio disponible (estímase que podería durar uns cincuenta anos se se continua mantendo a produción de enerxía nuclear no nivel actual), deixaría unha cantidade enorme de residuos altamente perigosos. O emprego da enerxía nuclear para o uso civil pode levarnos a desastres como o de Chernobil ou peores xa que facilita os mercados negros de materiais nucleares para usos bélicos.



Para opoñerse a un recrudescimento da produción de enerxía nuclear, Atomstopp, Amigos de la Tierra Europa, Global 2000, Sortir du Nucléaire, WISE y Women for Peace, apoiados por máis de 350 ONG, lanzaron esta iniciativa para recoller un millón de firmas en contra desta enerxía, á que Amigos da Terra Galicia tamén se adheriu recollendo firmas na rúa.

## AREA DE CONSERVACIÓN E USOS DA TERRA

### Recomendacións para a xestión dos montes incendiados

Como consecuencia da vaga de lumes de agosto do 2006 e, analizando as negativas consecuencias que estos lumes poderían ter sobre os solos forestais decidiuse, de maneira urxente, redactar un díptico onde se recollían unha serie de recomendacións de urxencia encamiñadas á protección do solo.

Os beneficiarios de esta publicación recaeron principalmente nas comunidades de montes e nos concellos afectados pola vaga de lumes, pero tamén foron de utilidade para particulares descoñecedores do que facer despois dos incendios. O díptico contou coa colaboración do "Colexio Oficial de Biólogos de Galicia" e o "departamento de ecoloxía vexetal da Universidade de Santiago".



Ademáis partipamos en diferentes manifestacións organizadas polo Comité de Defensa do Monte Galego, así como reunións coa Administración para que inviertan máis fondos en prevención.

### "Valorización e conservación do patrimonio natural e cultural do Concello de Cedeira (A Coruña)"

Con este proxecto pretendíase sensibilizar e poñer en valor as particularidades culturais e medioambientais coas que conta o "Concello de Cedeira" grazas a súa historia, situación xeográfica, clima e recursos naturais. A través do contacto co medio e a súa comprensión, transmitir os valores de protección e recuperación as presentes xeracións e así ensinar a construír unha sociedade sostible. Contribuír ao desenvolvemento da poboación rural no seu propio territorio a través da creación dunha dinámica de protección e conservación dos seus recursos e obxectivo prioritario deste proxecto.

Diversos obradoiros, roteiros e dinámicas serviron para levar a cabo os obxetivos. A continuación detallamos as actividades realizadas:

#### • Obradoiro de Tintes Naturais

Tratábase da realización dun obradoiro que se basea na elaboración de tintes naturais a base de plantas. Tivo moita aceptación, polo que se fixeron en varias ocasións, debido a súa grande aceptación. Participaron outras entidades como foi a asociación de discapacidade Apader e o I.E.S. Punta Candieira de Cedeira. Un total de 123 participantes asistiron aos obradoiros.



- **Roteiro Interpretativo en Canoa**

Consistente nunha actividade deportiva que permitía ensinar e pór en valor a paisaxe do lugar. Un total de 30 participantes asistiron ao roteiro.

- **Roteiros Interpretativo "Posta de sol na garita de Eixil e na Punta Meda"**

Trátase dun roteiro interpretativo. Asistiron un total de 11 persoas as diferentes convocatorias.

- **Obradoiro de Tofu e Xermolados**

A través da nosa comida podemos contribuir ao respecto do medio ambiente. Este obradoiro consistiu en descubrir novos alimentos elaborados a partires de materias primas vexetais, e así lograr unha concienciación ambiental máis ampla e integral. Asistiron ao mesmo unhas 14 persoas.



- **Excursión ao PN das Fragas do Eume**

Un roteiro interpretativo para dar a coñecer a importancia ambiental das Fragas do Río Eume, catalogadas coma espazo natural de Galicia.



### **"I Xornadas de Natureza en Ortegal (A Coruña)"**

Como colofón o ano de acción do grupo comarcal de Amigos da Terra Cedeira, as primeiras xornadas de natureza en Ortegal discorron con unha participación notable. 50 participantes distribuídos nas catro actividades centrais do acto. Abriu o programa o biólogo e membro da SGHN Moncho Seage para falarnos da evolución do sistema dunar da ría de Cedeira e Vilarrube. O sábado pola mañá tivo lugar un obradoiro de coñecemento do sistema mariño, onde nenos e pais participaron xuntos. Pola tarde, a proxección do vídeo co título "os cogomelos no Ortegal" amenizado coas intervencións de socios e directivos da sociedade micolóxica a Braxe. Xa o domingo, Rafael Lopez Loureiro, profesor e veciño, pero gran coñecedor do entorno local levounos a coñecer o entramado dos acantilados de Candieira e o Vilar no Concello de Cedeira, na coñecida Riveira Cha.



## Programa de "Ecovixías"

Son voluntarios e voluntarias que patrullan seguindo distintos roteiros por distintas zonas de Galicia, aínda que centrándonos sobre todo na provincia de Ourense, detectando infraccións ou delitos ambientais (vertedeiros incontrolados; escombreyas ilegais; incumprimentos do caudal ecolóxico; vertidos aos ríos; etc.), recollendo sempre que é posible documentación gráfica dos feitos. Tamén tómase nota, e coa axuda dun GPS localízase o punto exacto do vertido e trasladámolo a un plano.



Toda a información recollida é facilitada despois á administración competente en cada caso (Concello, Confederación Hidrográfica, Consellería de Medio Ambiente, etc.) adxuntando a información gráfica recopilada, para que esta actúe tanto sancionando ao posible infractor como restaurando a zona afectada. Non pretendemos suplir á autoridade, somentes axudala a que cumpra coas súas obrigas, facilitándolle toda a información posible que somos capaces de recabar.

Son obxectivos do programa, promover a participación ambiental en tódolos cidadáns, tratando de inculcar hábitos saudables co medio ambiente, facer unha chamada de atención a toda a poboación en xeral sobre a reflexión do estado ambiental da súa zona e o papel que desenvolve na mellora do mesmo, promover a participación dos cidadáns en temas importantes e mover á administración pública para que realice un traballo máis eficiente en canto a vixilancia e control.

Neste ano o programa de ecovixías, desenvolveu nove saídas a diferentes zonas da xeografía estatal, na que a participación foi fundamental para o desenvolvemento do mesmo.

1. Roteiro Pena Corneira. Leiro. (Ourense)
2. Roteiro polo Encoro de Castadón (Ourense)
3. Visita ao Río Caldo. Lobios (Ourense)
4. Bosque do Prazer e Río Támega. Verín. Ourense.
5. Chega de Bois. Muíños. Ourense. O Caurel. Lugo.
6. Chozas de Abajo. León.
7. Río Barbaña. Ourense.
8. Río Arenteiro. Carballiño.
9. Peliquín. Oira. Ourense.

## Campaña "Axuda a vivir. Doa Sangue, planta unha árbore"

Como todos e todas sabedes, o verán é unha época dura para os nosos bosques. Miles de hectáreas sofren as consecuencias devastadoras dos incendios forestais cada ano, polo que é preciso a intervención a través de iniciativas: esixir á administración o seu deber e a súa vez, promover de forma activa as repoboacións forestais con especies autóctonas.

Outro dos grandes problemas nesta época tamén ten que ver coa vida, e neste caso co noso propio sangue. Nos meses de verán, os índices de doazóns de sangue baixan en picado, sendo polo



contrario, a época na que máis sangue se precisa, dado que o número de accidentes aumenta de forma desproporcionada.

Por este motivo Amigos da Terra leva a cabo por sexto ano consecutivo en colaboración co Centro de Transfusión de Sangre de Galicia, a campaña "Axuda a vivir: doa sangue, planta unha árbore". A campaña consiste en que por cada doazón que se faga na I fase da campaña no verán, plantarase unha árbore na época propicia para a reforestación (II fase da campaña), nalguna zona afectada polos lumes durante o verán.

### **Reivindicación ante as variantes da autovia A-57**

Como consecuencia da presentación do proxecto das variantes da A-57 o seu paso por Redondela, xurde a plataforma cidadá redondelá en contra das variantes.

Dende un principio Amigos da Terra colaborou coa plataforma en tarefas organizativas, participando activamente nas reunións que o colectivo mantén.

Entre as actividades promovidas dende a plataforma, nas que participou Amigos da Terra cabe mencionar as asembleas informativas polas parroquias do Concello, plantexando alternativas o modelo proposto de autovía, asistindo ós plenos municipais e esixindo ós representantes do concello a oposición rotunda a variante, a recollida de firmas para enviar ó concello e o ministerio de fomento, unha manifestación, sin precedentes na vila, na que se convocaron a máis de 5.000 persoas e a recollida de cartas ós reis Magos para entregar no concello e no ministerio de fomento.

Na actualidade Amigos da Terra forma parte dos grupos de traballo técnico e de comunicación externa de dita plataforma e segue traballando a prol dunha cultura de sustentabilidade fronte a do petróleo e a destrucción dos recursos naturais.

## ÁREA DE RESIDUOS

### "Experiencia Piloto de Compostaxe Descentralizada no municipio de Arzúa"

Este proxecto, englobase dentro dos proxectos de implantación de compostaxe doméstica que leva desenvolvendo Amigos da Terra xunto co Ministerio de Medio Ambiente.

Os obxectivos do mesmo son varios: capacitar á poboación para a fabricación de compost a pequena escala, obter un produto útil como fertilizante ou enmienda orgánica, reducindo así o uso de fertilizantes químicos, mellorar a eficacia da recollida selectiva mediante a separación previa da materia orgánica, concienciar á poboación sobre a problemática dos residuos e a importancia da separación en orixe, reducir a cantidade de materia orgánica que se destina á incineraciónm reducir o volume de residuos do concello de Arzúa, tanto os de xardín como domésticos, traducíndose en aforro económico importante, e finalmente aproveitar esta actuación como punto de partida para outros programas de educación ambiental.



A finalidade principal é desenvolver a capacidade dos participantes para autogestionar os residuos orgánicos producidos a nivel doméstico. Ao mesmo tempo procúrase ampliar a conciencia ecolóxica da poboación en xeral.

Este proxecto foi destinado a 33 vivendas unifamiliares, 2 centros escolares e 1 asociación de persoas con discapacidade. Actualmente aínda está en marcha e estímase a súa duración ata Abril do 2007.

### Campaña "Clean Up The World "

É un programa ecolóxico comunitario que inspira e apoia a individuos e comunidades de todo o mundo para que limpe, repare e conserve o seu medio ambiente. Sendo este o seu 13º ano consecutivo, a limpar o mundo en conxunto co programa de Nacións Unidas para o Medio Ambiente, moviliza cada ano a máis de 35 millóns de voluntarios de máis de 100 países convertíndoa nunha das maiores campañas de carácter comunitario do mundo.



Durante a campaña empresas, grupos comunitarios, colexios, gobernos e individuos aunan os seus esforzos e realizan unha serie de actividades e programas para a mellora do medio ambiente local. Desde a primeira campaña no ano 1993, as melloras conseguidas grazas ao esforzo de millóns de voluntarios en todo o mundo, foi sorprendente, por exemplo: campañas de limpeza, reciclaxe, recuperación de recusos, plantacións de árbores, campañas educativas, reutilización e Conservación da agua, concursos, exhibicións, proxectos de reparación, etc.

O esforzo colectivo de tanta xente demostra que moitos dos problemas aos que se enfrenta o noso planeta, pode solucionarse comezando pola acción individual de cada un de nós.

Amigos da Terra levamos traballando desde o ano 1999 organizando a campaña na que intentamos que se integren diferentes grupos sociais: asociacións, colexios, administracións, poboación en xeral.

Este ano 2006 organizamos a campaña en dúas zonas do territorio galego, no monte de Rebordea (Redondela) e nas ribeiras do río Miño en Ourense cidade. Contamos coa participación de dous colexios e xentes voluntarias que quixeron participar nestas xornadas de limpeza, nas que denunciábase a importancia dunha boa xestión dos residuos a nivel municipal. En total entre 50-60 sacos de basura foron extraídos das zonas limpiadas. No caso de Redondela, as 12 persoas participantes contamos coa colaboración do Concello e da comunidade de montes de Rebordea.



### **“Entidades Galegas pola Reducción dos Residuos”**

Amigos da Terra uniuse a campaña **“Por unha normativa europea que priorice a prevención de residuos, a defensa do medio ambiente e a saúde das persoas”** promovida inicialmente pola Federación Ecoloxista Galega-FEG e ADEGA.

“Entidades galegas pola redución do lixo” trata de reunir a diferentes colectivos cun obxectivo común: reduci-la cantidade de lixo que se está a producir en Galicia dende as nosas casas, centros educativos e de traballo, industrias... a través de diferentes accións. (recollida de asinaturas, actos na rúa, celebración dun día europeo da redución dos residuos, ...) tendo a plataforma estatal xa prevista unha entrevista coa Ministra de Medio Ambiente española. Estas accións van orientadas a alcanzar os obxectivos de reivindicar “Unha normativa europea e galega que priorice a prevención de residuos, a defensa do medio ambiente e a saúde das persoas” e unha Lei Galega de prevención de residuos



Para elo é importante a participación e apoio de toda a cidadanía, polo que consideramos fundamental a entrada de diferentes colectivos como representantes dunha parte da cidadanía e así facer unha maior difusión da mesma entre as entidades adscritas ao seu colectivo.

A UE marca a prevención e redución de residuos como a actividade prioritaria na xestión do lixo, pero a administración galega todavía ten moito que facer nisto, por iso: *“Deamos o Primeiro paso. Entidades galegas para a redución de residuos”*, facendo propia e adaptando a campaña catalana homóloga de PCRR-EdC que xa comezou.

## CENTRO IRIS DE MEDIO AMBIENTE

### **SERVIZO DE VOLUNTARIADO LOCAL**

Vivimos nun mundo a 2 velocidades e así, atopámonos con que os avances tecnolóxicos e o desenvolto económico van por un lado, mentres que polo outro lado, vai o discernimento moral, as respostas políticas e a reacción cidadá, que, polo xeral, van a un ritmo máis lento.

Atopámonos ante un mundo entre plural e uniformado. As aparencias enganan. Pensamos que todo o mundo é igual, pero en realidade hai moitas diferenzas e realidades moi distintas. Todos os retos para o voluntariado nos levan á necesidade de comprometernos na sociedade. Este compromiso susténtase na participación como ferramenta imprescindible do voluntariado. Hoxe en día, contamos en Amigos da Terra cun nutrido grupo de voluntari@s que, dun modo altruísta, poñen parte do seu tempo a disposición da Asociación. Son rapaces e rapazas que teñen diversas motivacións á hora de facer unha acción voluntaria na Asociación: o respecto ó ambiente, de propor novas ideas, de formarse no eido da ecoloxía...

En Amigos da Terra existen distintas áreas nas que participar como voluntari@, e tamén se pode ser voluntari@ virtual, é dicir, non é necesaria a presenza física da persoa para colaborar coa asociación senón que vía e-mail pódense levar a cabo proxectos ou actividades relacionados coa entidade.

O ano 2006 foi especialmente duro para os montes galegos trala vaga de lumes registrada durante o verán. Amigos da Terra, e especialmente a través do seu grupo comarcal de Pontevedra promoveu a participación organizada de voluntarios en tarefas de reparación dos bosques incendiados. Neste senso, participamos en varias reunións con colectivos ecoloxistas e a administración nun intento de coordinar esforzos no eido do voluntariado forestal.

No eido do voluntariado en xeral, colaboramos con outras entidades de carácter ambiental e social coma o Centro TRAMA, Proxecto Home, ATOX, Asociación contra o Cancro, Amencer, Aixiña, Aspanas, Verdegaia, Semente, A Esmorga... coa finalidade de crear unha rede de voluntariado na cidade de Ourense.

Amigos da Terra tomando conciencia do importante papel do voluntariado na asociación, organizou unha xornada lúdica para que aqueles voluntari@s e colaboradores que polo seu horario de estudo ou traballo non puidesen coñecerse entre si, o acadasen neste encontro. A Xuntanza funcionou tamén como mostra de agradecemento polas tarefas e interese demostrado por voluntarios e colaboradores que ofrecen este tempo persoal á realización de actividades da organización, non só a nivel práctico (campañas, traballo nas áreas...) senón que existe tamén un apoio moral moi importante para o persoal laboral. Desta relación entre voluntariado/colaborador – persoal traballador se alcanzan importantes metas no eido do medio ambiente como consecuencia do sólido compañeirismo entre todos e todas.

## **SERVIZO DE VOLUNTARIADO EUROPEO**

O Servizo de Voluntariado Europeo (EVS) é unha iniciativa da Unión Europea que ofrece a posibilidade de participar nun proxecto de voluntariado durante un período de seis meses a un ano. Os mozos e mozas poden colaborar nunha entidade de calquera país da Unión Europea desenvolvendo proxectos de temáticas diversas que van desde a protección do medioambiente, ata a integración social, conservación do patrimonio, o desenvolvemento de actividades para a mocidade, realización de actividades culturais, deportivas... Asimesmo realizamos tarefas de busca de interlocutores cos que poder colaborar para intercambiar voluntarios, así como tamén facilitar tarefas de difusión e promoción sobre o programa Xuventude mediante conferencias no Campus da Universidade e na Casa da Xuventude de Ourense, para informar ass mozos e mozas interesados sobre as diferentes accións e que poidan participar neste programa.



Durante o pasado ano 2006 estiveron con nós nos diferentes proxectos os seguintes voluntarios: Matthias Lackinger de Austria, Guillaume Blouin de Francia, Monika Komor de Polonia, Judith Prakken de Holanda, e Smudla Zoltán de Hungría. Actualmente contamos con Jolanta Uktveryte de Lituania e no mes de Xaneiro se incorporarán dous voluntarios de Francia Thomas Pinet e Marine Legal.

Por outra parte, tamen actuamos como organización coordinadora dun proxecto en colaboración co Concello de O Barco de Valdeorras no que participan Emilie Legras de Francia e Giulia Rosa Maringoni de Italia.

Dende AdTerra tamén xestionamos voluntarios de envío, ao longo de todo ano estiveron por toda Europa e xa remataron o seu proxecto: Emilia Carballo en Francia, Sonia Mendez Rodriguez en Grecia, Marta Fernández López en Eslovenia, Adriana Rionegro Dabarca en Portugal, Suevía Barreira Vivian en Italia, e Laura Quintana Rivas en Grecia.

Actualmente están realizando o seu proxecto de voluntariado europeo Eva Martinez Martinez en Italia, Susana Bueres Olivares en Irlanda do Norte e Aida Perez Salgado en Irlanda do Norte.

## **ASESORAMENTO XURÍDICO**

O obxectivo deste servizo non é outro que ofrecer a adecuada orientación xurídica a todos aqueles interesados que requiren o noso servizo de asesoramento legal ante as dúbidas ou inquedanzas de carácter legal que se lle podan plantexar. Por tanto a satisfacción ven da man dos propios cidadáns que encontran luz ante as cuestións por eles plantexadas e que poden encontrar dunha ou doutra maneira algunha solución.

Na cidade de Ourense ou provincia foron moitas as consultas atendidas por este servizo de todo tipo como aquelas relativas a peticións para tala e poda de árbores, consultas sobre prácticas de cultivo e agrícolas respectuosas co medio ambiente e que non vaian en contra do previsto legalmente, tipo de mecanismos legais a empregar ante situacións de risco por existencia de verquidos de residuos



sólidos e/ou tóxicos en determinadas zonas, ocupacións por parte de particulares de zonas destinadas ao esparcemento e libre tránsito para os veciños, mecanismos e formas de solicitar medios e fondos ao Concello para o desenvolvemento de actividades ambientais na cidade, modos de encher instancias e/ou solicitudes para acceder a certas informacións de carácter ambiental ás Administracións Públicas e modos de actuar ante situacións que poden ser susceptibles de ser denunciadas ante as autoridades pertinentes.

Outra das finalidades era plantexar propostas de regulación normativa ás Administracións ante temas de interese público e de contido ambiental. Con elo o que se pretendía e pretende é que tanto o medio ambiente así coma os intereses dos veciños estean protexidos e que poida existir cooperación entre eles sen que se vexan minorados ou desprezados ningún deles.

Destacamos a participación no Comité en Defensa do Monte Galego, o Foro da Sustentabilidade de Ourense organizado polo Concello e a colaboración con Verdegaia, Ridimoas e o Brote e temas de interese ambiental da cidade como é a escaseza de espazos verdes.

Por último, e a modo de conclusión queremos resaltar que a finalidade primordial que guía a este servizo é poder participar e colaborar na salvagarda e mellora do noso entorno a través dos condutos legais e xudiciais previstos no noso Ordenamento Xurídico, e partindo sempre da base do exercicio lexítimo dos nosos dereitos como cidadáns e como Asociación colaborando coa Administración Pública en todo aquilo que afecte ao ambiente.

As accións emprendidas pola Asociación nesta materia poderíamos calificalas como moi salientables, e cunha importante repercusión pública e xurídica, amén da tradución en solucións reais ou en trámite dunha importancia notable. A Asociación atendeu casos en todas as provincias englobándoos do seguinte xeito en canto a temáticas:

- Construcción ilegal en paraxes de interese natural
- Talas ilegais e Deforestación masiva
- Verquidos de augas fecais directos a cursos fluviais
- Vertedoiros Incontrolados de RSU
- Maltrato de animais
- Canteiras ilegais

Asímesmo foron moitas as queixas presentadas perante o Valedor do Pobo polo estado de desamparo cara nós ou aos cidadáns que se traducía en silencios por parte da Administración reclamada, ante situacións tales coma denuncias, reclamacións de información medio-ambiental, solicitudes de estado de tramitación ou actuacións da Administración ben a través do correspondente expediente administrativo, ben pola vía de feito.

Practicamente a totalidade das queixas foron admitidas a trámite, e tiveron unha resposta por parte do Valedor a través das oportunas advertencias e recomendacións que se axustaban as nosas demandas.

Pola súa parte, xogou un papel moi importante a difusión do servizo xurídico da asociación a través dos medio de comunicación. Esta difusión serviu para achegar á cidadanía o servizo e informar da gratuidade do mesmo e da facilidade ao seu acceso. Tamén o canle informativo supuxo un recoñecemento a nivel social nos casos no que o departamento estivo a traballar.

Unha media de 22 chamadas de radio cuxo ámbito de actuación foi desde Ourense – provincia ata nivel autonómico ou estatal (Radio Cornellá – Barcelona) e dúas gravacións televisivas, unha autonómica e outra estatal, varias publicacións en xornais galegos e nalgunha revista estatal (Cambio 16), conforman ao gabinete xurídico como un servizo que vai acadando a súa base sólida e un apoio mediático e social.

A meta deste departamento ao longo do 2006, foi diminuír as causas que provocan delitos ou infraccións ambientais, ben anticipando cuestións e solicitando solucións, o que provoca unha política de anticipación de feitos consumados, ben poñendo en coñecemento da autoridade competente a produción dun feito que acarrea consecuencias ambientais negativas.

## **INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL**

O servizo de información ambiental, atende demandas de información xeral sobre temas de medio ambiental, a calquera persoa que se dirixa a nós requiríndoo.

Os usuarios/as do noso servizo poden obter información de varios xeitos: de xeito pasivo (a través dos taboleiros informativos das nosas dependencias ou boletíns informativos que editamos a tal efecto) ou ben de xeito activo, tanto por teléfono, correo electrónico, fax, carta ou, como é máis habitual, de xeito presencial, cunha atención personalizada e directa, e da que é responsable o guía informador ambiental.

No último ano, con fin de mellorar os nosos servizo creamos un sistema de formularios na nosa páxina web ([www.centroiris.org](http://www.centroiris.org)) para que a xente poida remitirnos máis facilmente as súas consultas vía internet e poder así atendelos dun xeito máis rápido e completo.



Ademais das demandas informativas individualizadas se realizan algunhas sesións formativas colectivas mediante charlas ou conferencias que podían ser de carácter xeral coma a problemática dos residuos, comercio xusto, agricultura ecolóxica... Estas conferencias son solicitadas fundamentalmente por diferentes colectivos: asociacións de veciños, centros de servizos sociais, centros de ensino, etc.

Dado que o perfil dos nosos usuarios é basicamente de xente nova, quixemos estender tamén a nosa capacidade informativa o eido da información xuvenil, razón pola que formamos oficialmente parte da Rede Galega de Información Xuvenil, como Punto de Información Xuvenil. O formar parte desta rede recíbense boletíns e revistas da Rede RIX, e información dirixida especificamente a xuventude.

Para dar unha mellor información documental, dispomos dunha Biblioteca e Centro de Documentación, especializada en temas ambiental que conta cun fondo bibliográfico de arredor de uns 1200 libros e revistas, vídeos e Cd-Roms. Para os nosos usuarios/as é posible acceder a este fondo, tanto para consulta en sala como empréstimo de libros, ofrecendo ademais servizos de hemeroteca, fotocopias, e lectura. O Centro Nacional de Educación Ambiental, dependente do Ministerio de Medio Ambiente, incluíu este servizo dentro da seu catálogo de centro de información ambiental, sendo un dos nove existentes en Galicia e o único existente en Ourense.

## **EDUCACIÓN AMBIENTAL**

### • **Educación Ambiental en Centros Educativos**

A importancia da educación exprésase a través de iniciativas que xeren unha conciencia máis solidaria, unha formación máis plena e heteroxénea e, en definitiva, máis colectiva e tolerante.

É a nosa intención, realizar actividades formativas co colectivo máis novo: os nenos e nenas. Débese isto a que a intervención educativa nestas idades é moi importante e tamén a que os

rapaces /as, son destacables axentes de educación e sensibilización nos seus fogares, converténdose deste modo, en transmisores, ademais de destinatarios do que aprendan.

Cada un dos obradoiros que propuxemos estaba relacionado con algunha temática ambiental en concreto. Parte das actividades foron destinadas aos residuos que xeramos no fogar e ás posibilidades de reutilización e reciclaxe que existen. Outras, estaban orientadas cara o desfrute de fenómenos e obxectos que podemos atopar na natureza. Tódalas sesións foron acompañadas por xogos cooperativos de grupo e xogos ambientais.

O proxecto durou o curso escolar 2005-2006, e o colexio no que se centraron as actividades foi o centro de educación infantil e primaria Mende.

### • **Ciclo de Cine Ecolóxico Itinerante**

No ano 2006, dentro do programa da Casa da Xuventude "Maio Xove" onde se ofertan diferentes actividades á xuventude, Amigos da Terra colaborou organizando un Ciclo de Cine Ecoloxista que tivese como obxectivo diferentes colectivos e que supuxera ademais da visualización da película, o debate sobre o contido e a mensaxe da mesma.

Contamos coa participación da Federación de Asociacións de Veciños Limiar, a asociación AIXIÑA e o colectivo ATOX como parte dos destinatarios para os que estaba proxectado o ciclo. Así mesmo a Casa da Xuventude e o Cultural AURIENSE, participaron tamén neste ciclo.

A participación ao mesmo foi moi positiva, chegando a máis de 50 persoas directamente, e comprobando que é a través do debate e da opinión crítica como se constrúe un mundo coa participación de todos.

### • **Celebración de Efemérides Ambientais**

#### **15 de Marzo - Día do Consumidor**

O día 15 de marzo celebrouse o Día do Consumidor, nesta celebración brindábase a oportunidade de reivindicar – os nosos dereitos de consumidor e tamén se fan un chamamento á cidadanía por un consumo máis responsable.

Amigos da Terra saliu á rúa achegando á poboación de Ourense a algúns consellos que lle permitan facer un consumo crítico e responsable, e así que se fixo o roteiro do consumidor responsable na que cada persoa interesada era guiada por un tomate transxénico que lle explicaba, a través de paneis, que cousas podiamos facer para ser un consumidor responsable en cuanto a temas moi específicos como son o transporte, a enerxía, a auga, os residuos, a alimentación, inducindo á reflexión do ciclo de vida de diferentes produtos. Contamos coa colaboración do colectivo Anacos da Cidade, pretándonos a campaña contra publicitaria de "Consume ata Morir".



## 22 de Marzo - Día da Terra

Consistiu nunha actividade de sensibilización na rúa coa participación do Grupo de Teatro Maraño que dinamizou a xornada, dándolle información ao cidadán e recollendo as propostas ambientais que os ourensanos consideran prioritarias para traballar no Concello. Asimismo contamos coa colaboración da Escola de Permacultura que impartiu unha charla no Ateneo Ourense titulada Menos petróleo e máis permacultura.



## 5 de Xuño - Día do Medio Ambiente

Xunto con outros colectivos ecologistas como Verdegaiá, O Brote e Ridimoas, asinamos un manifesto sobre a problemática ambiental do Concello de Ourense e para exercer o noso dereito á participación nas políticas medioambientais deste concello a pesares de non sermos convidados á elaboración do Regulamento Municipal de Participación Cidadá, acollendonos a o establecido no Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medioambiente, ratificado polo estado español en febreiro de 2005 e de obrigado cumprimento polas entidades locais.



## 6 de Setembro - Día de Acción Global contra o Lixo e a Incineración

En tal día, fixemos público o informe que realizou a asociación da situación actual dos puntos limpos en Ourense, convocando a todos os medios de comunicación nunha rolda de prensa.

## 22 de Setembro - Día sen Coches

A celebración dun Día sen Coches é unha campaña de sensibilización da cidadanía sobre os graves perxuízos sociais e ambientais co vehículo privado ten na cidade e de promoción do transporte colectivo, a bicicleta e a mobilidade peatonal. Os obxetivos que pretendíamos acadar eran os seguintes:

- Promover un compromiso medioambiental como compromiso de solidariedade co resto das persoas e como modelo sostible para as cidades
- Perseguir unha política de transportes que satisfaga as necesidades da cidadanía dende o punto de vista económico/social e medio ambiental
- Implicar aos nenos como futura xeración herdeira do planeta



Neste día moitos nenos e adultos achegáronse a nós para participar en dita campaña.

## 7 e 8 de Outubro - Día Mundial das Aves

Para a Celebración do Día das Aves o grupo Comarcal de Pontevedra contou este ano coa colaboración de SEO-Pontevedra, o grupo ecoloxista ERVA e a pintora Encarna González "Niño", para organizar as actividades programadas co gallo do día mundial das aves. Consistían nun obradoiro de creación de chapas, a proxección dun audiovisual sobre a perda dos ecosistemas galegos, unha charla a cargo de Ignacio Munilla titulada "O abandono do medio rural e a súa influencia na biodiversidade.

A demais, houbo exposicións de chapas, pegatinas e láminas coa temática común das aves, todo na Aula da Naturaza de Cotorredondo (Pontevedra).



A todo isto uniuse unha saída ornitolóxica o complexo intermareal Umia-Grove.

A convocatoria mobilizou a máis de 45 persoas asistiron directamente.

## CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL "AS CORCERIZAS"

Este centro está plenamente concebido desde a súa planificación e construción cunha optica de Desenvolvemento Sostible. Utiliza técnicas de bioconstrucción, elementos constructivos ecolóxicos (producidos sen perxudicar o medio ambiente, elaborados no territorio próximo, respetando os usos tradicionais, etc); tendo en conta a eficiencia enerxética (técnicas bioclimáticas, iluminación de baixo consumo, aillantes ecolóxicos, etc.); todo o consumo enerxético é de produción propia e exclusivamente proviñente de fontes renovables (solar termica, solar fotovoltaica, eólica, microhidráulica e biomasa), etc. En definitiva, en todo momento se puxo especial coidado na minimización do impacto ambiental e a realización dun uso sustentable do territorio.

Educar ambientalmente non deixa de ser unha educación para a complexidade, e as propostas derivadas do proceso formativo dificilmente poden ser simples, pois ningunha situación complexa pode ser resolta de xeito simple.

Amigos da Terra Galicia-Xuventude contempla á Educación Ambiental dende unha perspectiva



holística e multidisciplinar propoñendo un eixo conductor do entorno no que a historia, a humanidade, a etnografía e á natureza conforman unha intrincada rede que, lonxe de ser fragmentada, debemos tentar reforzar sobre o paradigma dun novo marco relacional dos elementos.

Que unha relación de confrontación tróquese nunha relación de hospitalidade entre humanidade e medio resume dende a nosa perspectiva á esencia da Educación Ambiental.

Este proxecto educativo é unha aposta seria e contrastada por unha Educación Ambiental de calidade, comprometida, crítica, activa, participativa, aberta e plural, non soamente en base a aportar información, senón tamén e sobre todo, a proporcionar experiencias directas e persoais que impliquen os e as participantes na complexidade e problemas do Medio Ambiente, e que se traduzan en comportamentos e actitudes responsables para ser parte da súa solución, na busca dunha sociedade baseada nos principios da sostibilidade.

Dentro desta filosofía de traballo, os obxetivos que pretendemos pór en marcha no CEA As Corcerizas, son:

- Proporcionar unha educación e información ambiental de calidade, veraz e adecuada ós potenciais grupos e visitantes.
- Desenvolver as actividades de achegamento á natureza cun dobre carácter: de serio compromiso ético e cunha metodoloxía lúdica e motivadora.

- Traballar preferentemente nas actividades educativas con nenos e nenas e mozos e mozas, pero non illadamente, senón artellar e coordinar os programas cos pais e profesores, así como con outros colectivos.
- Integrar e colaborar coas comunidades locais en todos os procesos, e artellar medidas de mellora ecolóxica do entorno, tal e como se recomenda na Carta de Calidade dos Equipamentos de Educación Ambiental.
- Potenciar a multidisciplinidade nos equipos e programas, segundo o reflectido nas recomendacións do Libro Blanco de la Educación Ambiental en España e na Estratexia Galega de Educación Ambiental.

## **SERVIZO DE ALBERGUE**

O servizo de albergue aberto durante todo o ano, dispón de habitación comúns con liteiras con capacidade para 36 persoas (2 camas adaptadas para persoas con discapacidade), asemade ten un salón social con cheminea e cociña de acceso libre, todo isto enclavado nunca paisaxe natural increíble, onde poder descansar e estar en contacto coa natureza dun xeito coherente e integrador. Neste ano 2006 o número de visitas chegou ao centenar de persoas, mostrando que ano tras ano As Corcerizas vai cegando a máis xente, educando ambientalmente desde a experiencia vivida.



## **VISITAS GUIADAS**

A xornada consta dunha visita práctica e vivencial polas instalacións para achegar aos participantes aos problemas derivados do cambio climático e coñecer a realidade das **enerxías renovables**, valorándoas coma unha opción eficaz e sostible para a nosa sociedade actual.

Comprobarán o funcionamento e importancia do uso das distintas enerxías alternativas que autoabastecen o Centro: microturbina, placas solares térmicas e fotovoltaicas, aeroxerador, caldeiras de biomasa e eléctrica, instalación de almacenamento e distribución de enerxía. Nalgúns casos serán os/as propios/as participantes os/as que poderán pór en marcha mecanismos, facer medicións e controlar os parámetros da enerxía que se está xenerando ao seu arredor e que aporta a electricidade e a calor da que se dispón nas instalacións. Descubrirán tamén os principios da compostaxe e o funcionamento da novidade

**depuración biolóxica** das augas residuais mediante a utilización de plantas **macrófitas**. A visita complétase coa análise e comprobación "in situ" das potencialidades, vantaxes e beneficios das novas técnicas e materiais de **bioconstrución**, que nos permiten vivir dun xeito máis sostible, sen renunciar aos niveis de benestar alcanzados ata agora.

Nalgunhas ocasións a visita/actividades complétase con obradoiros ambientais o rotas pola montaña.

Entorno a 500 persoas visitaron As Corcerizas a través deste programa neste 2006, e agardamos que esta cifra vaia crecendo para que máis xente coñeza e experimente in situ un vivencia coherente co medio.



## **CAMPAMENTOS E CAMPOS DE TRABAJO**

- **“Campamento: As Enerxías Renovables”**

Trátase dunha campaña a nivel local, que durou entre marzo e xuño deste 2006, o proxecto financiado por Caja Madrid estaba composto por visitas interpretativas polas instalacións de As Corcerizas, edición de **unidades didácticas** dirixidas aos profesores/as sobre enerxías renovables e a súa contribución ao desenvolvemento sostible, a edición dun **folleto** dirixido ás/aos participantes que conteña información básica sobre la visita al Centro, edición de 4 **paneis sobre enerxías** e **Campamentos** de 4 días centrados en temas medioambientais. A campaña chegou a máis de 230 persoas, cun resultados moi positivos.



- **“Campamento Ambiental Voz Natura”**

Tamen levamos a cabo campamentos, como o campamento ambiental organizado co motivo do premio do programa Voz Natura 2006, entre outros.

- **“Campo de Trabajo: Tratamento alternativo de augas residuais”**

Trátase dun proxecto que puxo en marcha un sistema innovador e único en Galicia para o tratamento das augas residuais: Filtro de Macrófitas en Flotación (FMF), dando así un paso máis cara a súa autoxestión sostible do Centro de Educación Ambiental As Corcerizas. Tamén se fixeron labores de biocontrución e se integraron accións e contidos sobre etnografía, coñecemento do medio natural, consumo responsable e cooperación.

O campo de traballo foi dirixido a unha quincena de 18 a 25 anos e outra de 25 a 30 anos. Logrou un forte impacto mediático e foi seleccionado como **“buen ejemplo de gestión del agua”** polos responsables en Galicia do Proxecto Enmar. Actualmente esta sendo valorando pola Administración pública como alternativa para a xestión da augas residuais no rural galego.



## XORNADAS E CHARLAS

- **“Aplicación de Métodos Científicos para a exploración, coñecemento e conservación do medio”**

Gracias á investigación e ao desenvolvemento, podemos aplicar novos coñecementos científicos en diversidade de ámbitos. Unha aplicación de grande importancia, dado o crecente estado de deterioro do medio, é a utilización da base científica para a conservación do mesmo a través do seu coñecemento.

Preténdese achegar as prácticas e coñecementos científicos, moitas veces relegados a un sector reducido, á nosa vida cotiá.



Os destinatarios do programa eran centros escolares e adultos. Para os centros escolares tratábase dunha serie de xornadas dun día, nas que realizaremos análises e medicións científicas de parámetros, manexo de datos, experimentos, obradoiros, xogos..., para o coñecemento da nosa flora, fauna, solo, auga e atmósfera. Todo isto, feitos “in situ” e polos propios participantes, convértese nunha fórmula atractiva e diferente de espertar a nosa curiosidade, e mostrar de xeito práctico e vivencial o aspecto empírico da ciencia en plena natureza. E para os adultos consistían en xornadas de medio día nas que, mediante unha visita interpretativa polas instalacións do Centro de Educación Ambiental As Corcerizas, os/as participantes descubrían métodos, materiais e razoamentos alternativos, relacionados co tratamento de augas residuais, abastecemento enerxético e bioconstrución; fundamentais para a conservación do entorno natural local e global. Dentro das mesmas xornadas explicábase a metodoloxía e importancia dos estudos científicos de fauna, participando nunha experiencia práctica de anelamento científico de aves.



Este proxecto recibiu unha axuda da Consellería de Innovación e Industria. Xunta de Galicia.

- **“A Depuración de Augas Actual. Presentación de Alternativas”**, por Judith Prakken (Enxeñeira Agrícola).
- **“Charla sobre sistema FMF”**, pola empresa Macrofitas S.L.
- **“O Cultivo das Macrofitas”**, a cargo da empresa Aquaphytex.
- **“Como construír un invernadoiro ecolóxico”**, por Juan Abia (Bioconstructor e xerente de Maia contrucións).
- **“A Bioconstrución e Autoconstrución”**, por Jose Antonio Pose (Arquitecto Técnico e bioconstructor).

## PROXECTO DE REVALORIZACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO ENTORNO NATURAL

---

Este proxecto consiste en revalorizar os elementos máis destacados da cultura tradicional dos pobos da Serra de San Mamede (concello de Vilar de Barrio, Ourense) contribuíndo así ao desenvolvemento dos mesmos ao recuperar e difundir información de interese, e facilitar o acceso a visitantes e persoas propias da zona. A execución do mesmo levouse a cabo mediante sinalización de roteiros que acheguen aos pobos, publicación de trípticos autoguiados e a colocación de paneis interpretativos en puntos estratégicos. Este proxecto foi financiado polo programa Acción 3, do programa Xuventude da Unión Europea.

## ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE OCIO E TEMPO LIBRE

---

- **“Ioga, Musicoterapia e Relaxación. Un lugar para o espertar.”**

Unha fin de semana alternativa de descanso e autoconhecimento que combinan actividades de Ioga, Musicoterapia e Relaxación. A xornada caracterizouse pola alta calidade das actividades, dirixidas por grandes profesionais como foi o Gabinete de psicoloxía Andares e o Centro de Ioga-estudio, na actividade participaron 30 persoas.



## COLABORACIONES CON OTRAS ENTIDADES

- **Participación no Foro de ONGd en Santiago de Compostela.** Xaneiro 06.



- **Charla "Participación e actividades de voluntariado na recuperación dos ríos".** Dentro das Xornadas sobre recuperación dos Ríos, organizadas polo Concello de Ourense. Primavera 06.
- **Charla-Presentación "As Corcerizas".** Organizada polo Colexio Oficial de Biólogos, dentro das xornadas de proxectos innovadores en Galicia. Primavera 06.
- **Charla "Compostando a Materia Orgánica".** Organizada pola Escola de Capataces Forestais de Lourizán. Primavera 06.
- **Charla "É posible ocio alternativo e ecolóxico?".** Organizada polo Centro ATOX de Ourense. Primavera 06.
- **Mesa de Discusión sobre "Obxetivos do Milenio".** Allariz, Xullo 2006. Organizado polo Fondo Galego de Cooperación.
- **Participación na I Semana Solidaria.** As Pontes, xullo 2006. Organizado polo Concello de As Pontes.



- **Obradoiro de Vermicompostaxe.** Dentro do Programa de Actividades de Educación Ambiental, organizadas pola Asociación Cultural "A Escola", a asociación de Veciños "Aira da Moa" e o Comité en Defensa do Monte Galego. Congostro (Ourense). Verán 06.

- **Intercambio Internacional "Recyclart co-operative training program"**. Cserkút (Hungría). Agosto 2006. Organizado pola asociación húngara Zöld-Híd Alapítvány.



- **Participación no Campamento Urbano Amencer, Día da Boa Xente**. Organizado pola asociación Amencer, Verán 06.
- **Marcha Enerxías Renovables 2006**. Central Térmica de As Pontes. Organizado por Greenpeace. Setembro 2006.
- **Obradoiro "Sensibilizando na problemática de residuos"**. Organizado pola Academia Aurea dentro do Curso Monitores Ambientais, Outono 06.
- **Vermicompostaxe e Compostaxe en Terractiva 2006**. Organizado por Cooperativa. Arzúa, 22 e 23 de Setembro.
- **Xornadas Galegas "Interactuando no tempo libre 2006"**. Organizado por Vicepresidencia, Dirección Xeral de Xuventude. Outubro 06. Albergue Xuvenil de Gandarío, A Coruña.
- **Charla "Experiencia do Voluntariado por Europa"** enmarcada dentro do Curso de Voluntariado, organizado pola Universidade de Vigo. Outono 06.
- **Debates sobre Enerxía solar**. Outubro 06, Santiago de Compostela. Organizadas polo Grupo Correo Gallego.
- **Obradoiro "Educación pola Paz"**. Dentro da II Asamblea da Rede Solidaria da Mocidade. Vigo, Outubro 2006. Organizado por Entreculturas.



- **Obradoiro "Usos e Aproveitamento das plantas"**. Organizado pola asociación de Mulleres Rurais de Xunqueira de Espadañado. Ourense. Outono 06.
- **Participación na I Xornadas sobre Enerxías Renovables**. Organizadas por Enxeñeiros Sen Fronteiras. Vigo e Ferrol, 7 e 8 de novembro do 2006.
- **Mesa Redonda "Xestión Integral dos RRNN e Medio Ambiente"**. Enmarcado nas III Xornadas de Cooperación, organizadas polo Fondo Galego de Cooperación. 22 de Novembro 2006.

- **Xornadas da A21 escolar.** Santiago de Compostela. Organizadas pola Consellería de Medio Ambiente e Educación. 25 e 26 de Novembro.
- **Foro da Sustentabilidade da Cidade de Ourense.** Organizado polo Concello de Ourense, Novembro 06.
- **Obradoiro “Sensibilizando na Compostaxe Doméstica”.** Dentro das Xornadas Ambientais do Concello de Carballada de Avia. Decembro 06.
- **“Contos Solidarios”.** Dentro do programa de contos solidarios que organiza o Concello de Ponteareas. Nadal 06.



## PLATAFORMAS AS QUE PERTENCEMOS

- Membro Fundador do Comité en Defensa do Monte Galego
- Pertencente á Comisión de Comercio Xusto, Coordinadora Galega de ONGds
- Representante do Consello Forestal de Galicia
- Membro do Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente
- Membro da Rede Litoral Vivo
- Membro do Grupo galego de Apoio ao FSC
- Suplente do Consello Galego de Medio Ambiente
- Membro do Consello da Xuventude de Galicia
- Membro da Plataforma cidadá redondelá en contra da variante da A-57

## COMUNICACIÓN

A comunicación é unha peza clave para facer chegar a xente a mensaxe de Amigos da Terra, para fomentar a participación e a cohesión social. Para ter visibilidade na sociedade da información é preciso diversificar os medios de información e ser capaz de chegar os cidadáns en tempo e forma adecuado. Amigos da Terra fai cada vez mais esforzos en que a mensaxe transmitida chegue os cidadáns tal e como nós pretendemos. O ano 2006 non foi unha excepción, e as accións do colectivo foron amplamente divulgadas a través das distintas páxinas web da asociación así como nos medios de comunicación a través de preto de 100 notas de prensa, ademais da media ducia de convocatorias de rolda de prensa, entrevistas, colaboracións en radios e televisións, participación en debates, reportaxes, etc, que tiveron unha gran repercusión na sociedade:

### Páxinas web:

Amigos da Terra ([www.amigosdaterra.net](http://www.amigosdaterra.net))  
 As Corcerizas ([www.ascorcerizas.com](http://www.ascorcerizas.com))  
 AdT Cooperación ([www.amigosdaterra.net/info/cooperacion](http://www.amigosdaterra.net/info/cooperacion))  
 Con un conxunto de visitantes o longo do ano de **79.574**.

Centro IRIS de Medio Ambiente ([www.centroidiris.org](http://www.centroidiris.org))  
 Con **20.608** visitantes.

Así como outras páxinas vinculadas o colectivo como ECOTONO ([www.ecotono.net](http://www.ecotono.net)) ou o sitio web da campaña de A Aposta ([www.laapuesta.org](http://www.laapuesta.org))

### Repercusión en Medios:

#### Xeral:

**Prensa:** Temos registrados preto de 400 aparicións reseñables en prensa galega. Xornáis tales como A Voz de Galicia, El Correo Gallego, El Faro de Vigo, La Región ou El diario de Ferrol entre outros.

**Radio:** 99 intervencións en radios galegas e españolas, pero sobre todo intervimos nas delegacións de Ourense, Pontevedra e Ferrolterra. Radio Voz, Cadena SER e Onda Cero foron as que se fixeron maior eco das propostas de Amigos da Terra.

**Televisión:** 12 aparicións na televisión, 10 da Televisión Galega e unha na Televisión Española


**Na comarca de Pontevedra,** Amigos da Terra conta con unha colaboración fixa en programas semanais na radio Onda Cero Pontevedra e Onda Cero a nivel Galego, unha colaboración mensual en Cadena-SER Vigo e Onda Cero Vigo e colaboracións puntuais en prensa escrita.

Da mesma maneira, o grupo comarcal elaborou varias notas de prensa denunciando algúns dos problemas medioambientais que afectan as comarcas de Redondela, Vigo e Pontevedra.

**Na comarca de Cedeira,** durante o ano 2006 se enviaron 3 notas de prensa a propósito dos eventos que o grupo comarcal organizou na zona. Publicáronse na Voz de Galicia edición Ferrol e no Diario de Ferrol. Tamén colaboramos con dous artigos na revista local "A Jaivota" na súa edición de verán.


# AMIGOS DA TERRA EN DATOS

## Quen somos




Nº TOTAL DE INTEGRANTES EN ADT= 91 PERSOAS

## Como nos financiamos




ORZAMENTO ANUAL= 355.599,01 EUROS

### Que hacemos e os nosos destinatarios



### Centro IRIS de Medio Ambiente



**Redacción:**

Ángel Dorrió  
Cristina Gómez  
Judith Sing  
Montse Valencia  
Paula Vidal  
Víctor Barro

**Coordinación:**

Cristina Gómez

**Fotografía:**

Thomas Pinet